

RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2023, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2021-2027. Axencia Instituto Enerxético de Galicia. DOG Nº 86, 05/05/2023

Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a realización de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado destas bases reguladoras (código de procedemento IN417Y).

2. O procedemento administrativo para a concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva, segundo o disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nestas bases tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude, do que se fará publicidade na aplicación informática que se utiliza na xestión das axudas.

Condicións dos proxectos.

1. e conformidade co disposto no artigo 6.1 destas bases reguladoras os traballos non poderán iniciarse con anterioridade á data de presentación da solicitude.

2. O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 10.000,00 € por actuación, o IVE non está incluído.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases:

a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

Artigo 6. Proxectos que se subvencionan

1. Poderán ter dereito a subvención os proxectos de aforro e eficiencia enerxética recollidos no punto 2 que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de execución dos proxectos subvencionables (téñase en conta a definición de inicio dos traballos recollida no artigo 2.1) iniciarase unha vez se teña efectuada a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará no prazo previsto no artigo 26.

2. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética subvencionables

a) Serán elixibles os custos de inversión adicionais necesarios para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética. Determinarase do seguinte xeito:

1º. Cando os custos do investimento en eficiencia enerxética poidan identificarse nos custos totais do investimento como investimento separado, estes custos relacionados coa eficiencia enerxética serán subvencionables

2º. En todos os demais casos, os custos do investimento en eficiencia enerxética determinarase por referencia a un investimento similar, que implique menor eficiencia enerxética, que se podería realizar de xeito crible sen a axuda. A diferenza entre o custo de ambos investimentos determinará o custo relacionado coa eficiencia enerxética e será o custo subvencionable.

Os custos dos proxectos que non estean directamente vinculados á consecución dun nivel máis elevado de eficiencia enerxética non serán subvencionados.

b) Serán subvencionables aqueles proxectos con ratios de aforo enerxético anual iguais ou superiores aos indicados na seguinte táboa para cada liña:

Denominación da liña	Proxectos subvencionables
PAPEME. Proxectos de aforo e eficiencia enerxética en pemes	Proxectos que xustifiquen ratios de aforo enerxético iguais ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforo enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.

Denominación da liña	Proxectos subvencionables
PAGE. Proxectos de aforo e eficiencia enerxética en grandes empresas	Proxectos que xustifiquen ratios de aforo enerxético iguais ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforo enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.
PAE. Proxectos de aforo e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI en polo menos un 30 %	Proxectos que xustifiquen ratios de aforo enerxético iguais ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforo enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible e que ademais reduzan polo menos un 30 % as emisións de GEI.
PAP. Proxectos de aforo e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas	Proxectos que xustifiquen ratios de aforo enerxético iguais ou superiores a 0,4 kWh/€ de aforo enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de inversión elixible.

Investimentos subvencionables

1. Os proxectos que non cumpran cos requisitos técnicos mínimos recollidos no artigo 7 non serán subvencionables.

2. Non se admitirán no orzamento partidas alzadas; todas as partidas deberán levar as súas correspondentes medicións.

3. Non serán subvencionables as seguintes actuacións:

a) As instalacións que utilicen enerxías renovables, salvo as que procedan da valorización de residuos non propiamente enerxéticos e as bombas de calor.

b) Operacións de mantemento (simples reposición de lámpadas, ...).

c) **Vehículos de todas as clases utilizables para o transporte terrestre**, marítimo ou aéreo de persoas, animais, materiais ou mercadorías, excepto os que se deban rexistrar na conta de maquinaria. A conta de maquinaria inclúe o conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción ou elaboración dos produtos. Nesta conta figurarán todos aqueles elementos de transporte interno que se destinen ao traslado de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de factorías, talleres, etc. sen saír ao exterior.

4. **Considéranse custos subvencionables:** a elaboración dos proxectos técnicos, dirección facultativa e obra civil relacionados coas actuacións, o prezo dos equipamentos, a súa montaxe e posta en marcha, así como os sistemas de monitorización, contabilización e telexestión e as auditorías nos termos indicados no artigo 6

Contía da axuda

1. **A contía da subvención será do 35 % do custo elixible da actuación. A intensidade da axuda incrementárase un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10 % no caso de medianas empresas.**

Para axudas de máis de 100.000,00 € límitase a axuda segundo o aforro enerxético xustificado segundo a seguinte táboa. Para estes efectos da aplicación deste límite no caso de proxectos da liña PAP utilizarase a epígrafe específica para esta tipoloxía de proxectos:

Tipoloxía beneficiario	Axuda máxima en función do aforro enerxético
Pequena empresa	Se AEF < 80 MWh/ano: AM = 100.000
	Se AEF ≥ 80 MWh/ano: AM = AEF x 1.250
Mediana empresa	Se AEF < 100 MWh/ano: AM = 100.000
	Se AEF ≥ 100 MWh/ano: AM = AEF x 1.000
Gran empresa	Se AEF < 150 MWh/ano: AM = 100.000
	Se AEF ≥ 150 MWh/ano: AM = AEF x 675
Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas (PAP)	Se AEF < 80 MWh/ano: AM = 100.000
	Se AEF ≥ 80 MWh/ano: AM = AEF x 1.250

Período de execución das accións

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o 10 de maio de 2023** ás 9.00 horas e **finalizará o 15 de setembro de 2023**